


AS BIBLIOLIMPIADAS



**Proxecto Documental Integrado
coordinado pola Biblioteca escolar
III Concurso de Traballos por Proxectos**

**IES CASTRO ALOBRE
Vilagarcía de Arousa
Curso 2015-2016**

1. INTRODUCCIÓN

O IES Castro Alobre está situado no centro de Vilagarcía de Arousa. Conta con vinte e oito unidades (dezanove de ESO, oito de bacharelato e un ciclo formativo), 758 alumnos e alumnas e 64 profesores e profesoras.

A biblioteca, ubicada no segundo andar, ten máis de 15500 recursos catalogados.

O Proxecto Documental Integrado desenvolveuse ao longo de todo o curso escolar e pretendía implicar a todos os Departamentos didácticos e á maior parte do alumnado.

A biblioteca converteuse no centro coordinador e receptor dos diferentes niveis, xa que un requisito imprescindible para o desenvolvemento da actividade era utilizar a biblioteca como centro de recursos e como lugar de traballo para a realización dos distintos proxectos.

1.1. Xustificación do proxecto

A idea de presentar ao Claustro como Proxecto Documental Integrado, “As Olimpíadas”, xurdiu nunha das xuntanzas do Equipo de Dinamización da Biblioteca. Con esta elección queríamos fomentar os hábitos de vida saudable e a importancia que, na vida da nosa mocidade, debe ter o exercicio físico. Do mesmo xeito que os gregos cultivaban a formación intelectual sen descoidar a actividade física e seguindo a máxima do poeta latino Juvenal, “Mens sana in corpore sano”, fixemos deste curso unha réplica das antigas civilizacións: por unha banda, as clases cos contidos curriculares e, por outra, as nosas Bibliolimpiadas culturais e deportivas.

Ningún momento mellor para levar adiante esta idea que un ano olímpico, as Olimpíadas 2016 en Brasil.

1.2. Obxectivos

Fomentar entre o alumnado os hábitos de vida saudable e a práctica deportiva como alternativa á vida sedentaria.

Pór en relevancia a importancia da saúde física como fonte de benestar e como transmisora de valores persoais e sociais.

Dar a coñecer a orixe da Olimpíadas e a súa evolución ao longo da historia ata a súa configuración actual.

Coñecer as distintas disciplinas deportivas, as vantaxes e problemas do deporte e os sacrificios que require a alta competición.

Destacar a capacidade de superación persoal de moitos e moitas atletas que compiten nas Olimpíadas Paralímpicas.

Fomentar o espírito colaborativo entre o alumnado.

1.3. Contidos curriculares, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Establecemos un resumo da relación de contidos curriculares desenvolvidos por cada departamento. A información completa de cada departamento, é dicir, os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, podera-se consultar nesta ligazón:

<https://drive.google.com/file/d/0B72EEzU63Ik4VFVftjNjRUFiR0E/view?usp=sharing>

Departamento de Ciencias Naturais

Título do proxecto: "*Lesións olímpicas*" (1º de bacharelato de Anatomía)

- Anatomía funcional.
- Fisioloxía muscular
- Biomecánica do movemento humano. Aplicación aos xestos motores das actividades artísticas.
- Lesións do aparello locomotor nas actividades artísticas. Hábitos saudables e prevención de lesións.
- Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe.
- Traballo en grupo. Técnicas de aprendizaxe cooperativa.

Departamento de Educación Física

Título do proxecto: "*As Olimpíadas*" (1º,2º,3º,4º de ESO e 1º de bacharelato)

- Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física.
- Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.
- Obxectivos do quecemento. Quecemento xeral e específico.
- Control da intensidade do esforzo adaptado a cada fase da sesión de actividade física.

- Capacidades físicas principalmente relacionadas coa saúde: resistencia aeróbica e flexibilidade.

Toma de conciencia da propia condición física e predisposición a melloralala.

- Valoración dos efectos negativos que determinados hábitos teñen sobre a condición física e sobre a saúde e adopción dunha actitude de rexeitamento.

Departamento de Educación Plástica e Visual

Título do proxecto: "*Imaxes das vaixelas gregas*" (3º de ESO de Plástica)

- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

Título do proxecto: "*Cenefas xeométricas gregas*" (3º de ESO de Plástica)

- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.
- Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.
- Módulos.

Título do proxecto: "*As máscaras gregas*" (4º de ESO de Plástica e 1º de bacharelato de Volume)

- Técnicas básicas de escultura e de creación doutras obras tridimensionais.
- Materiais e ferramentas básicas para a creación de pezas tridimensionais: uso e coidado.

Departamento de Física e Química

Título do proxecto: "*A dopaxe e cálculos*" (3º de ESO e 2º de bacharelato)

- Método científico: etapas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.
- Procura e tratamento de información.

Departamento de Grego

Título do proxecto: "*As Olimpíadas en Grecia*" (1º de bacharelato de grego)

- Períodos da historia de Grecia: o período arcaico. Olimpia e Delfos.
- Organización política e social de Grecia: o período arcaico.
- Mitoloxía e relixión.
- Manifestacións deportivas na Antiga Grecia.

Departamento de Inglés

Título do proxecto: *"Unha vida: un deporte, un país, unha Olimpiada"* (4º PDC)

- Estratexias de comprensión: mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa, identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa, identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el, distinción de tipos de comprensión.
- Estratexias de produción: planificación, execución e revisión.

Departamento de Latín

Título do proxecto: *"As Olimpíadas na Antigüidade clásica"* (3º de ESO)

- As sedes dos xogos en Grecia.
- Elementos e aspectos dos Xogos Olímpicos.
- As probas atléticas.
- Recoñecemento das catro probas atléticas dos xogos.
- As probas de loita.
- As probas hípicas.
- O pentatlón ou proba integrada.

Departamento de Lingua e Literatura castelán

Título do proxecto: *"Os xogos olímpicos na plataforma wikispace"* (1º ESO)

- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información.
- Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, dacción e revisión do texto.
- Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar e social.
- Participación en proxectos.

Título do proxecto: *"Un conto por relevos"* (2º ESO)

- Coñecemento e uso das técnicas e das estratexias para a produción de textos escritos.
- Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, vos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados.
- Participación en proxectos.

Título do proxecto: "*Elaboración dun mural etimolóxico*" (3º de ESO A)

- Utilización progresivamente autónoma dos dicionarios, das bibliotecas e das tecnoloxías da información e a comunicación como fonte de obtención de información.
- Recoñecimento, uso e explicación dos elementos constitutivos da palabra.
- Coñecimento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras.
- Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.

Departamento de Lingua e Literatura galega

Título do proxecto: "*Murais de banda deseñada*" (4º de ESO)

- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.
- Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
- Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

Departamento de Música

Título do proxecto: "*Composición do himno bibliolímpico*" (3º de ESO)

- Repaso dos elementos da representación gráfica da música .
- Textura.
- Procedementos compositivos e formas de organización musical.
- Práctica da relaxación, da respiración, da articulación, da resonancia e da entoación.
- Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
- Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.

- Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

Título do proxecto: "*Construción de instrumentos da antiga Grecia*" (3º ESO)

- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
- Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

Departamento de Relixión

Título do proxecto: "*As paralimpiadas*" (1º,2º,3º e 4º de ESO)

- A persoa humana, criatura de Deus libre e intelixente.
- O fundamento da dignidade da persoa.
- O ser humano colaborador da creación de Deus.
- A natureza humana desexa o Infinito.
- A búsqueda do sentido na experiencia da enfermidade, a morte, a dor, etc.

Departamento de Tecnoloxía

Título do proxecto: "A dopaxe tecnolóxica"

- Tecnoloxías da información e da comunicación .

Departamento de Xeografía e Historia

Título do proxecto: "*Os kuroi e as korai, nos xogos olímpicos. O seu significado e características*" (1º de ESO)

- Elementos fundamentais de comprensión da historia: relación entre pasado, presente e futuro. Fontes históricas. O tempo histórico. Vocabulario histórico e artístico.
- O mundo clásico: Grecia

Título do proxecto: "*As Olimpíadas de México en 1968* " (3º de ESO A)

- Localización no medio físico.

- Desenvolvemento desigual no mundo
- Bases do estudo histórico: as fontes históricas

Título do proxecto: "Xogos Olímpicos e política " (4º de ESO A)

- O Século XX, especialmente, o período de Entreguerras, 2ª Guerra Mundial e Guerra Fría.

1.4. Competencias clave

As competencias clave que se traballaron neste proxecto foron:

- Competencia lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Cada departamento cubriu unha táboa de valoración coas competencias que se desenvolveron xunto a unha descrición dos proxectos propostos (adxúntase na ligazón do punto 5, Relación das tarefas realizadas polo alumnado).

1.5. Calendario e organización das tarefas previstas

As reunións semanais do Equipo de biblioteca servían para a organización do Proxecto Documental Integrado. Establecemos un calendario de traballo e planificamos as actividades a desenvolver, repartidas nos tres trimestres nos que se divide o curso escolar.

Primeiro trimestre: Planificación e información

- Establecemento dos obxectivos.
- Deseño das actividades que queriamos desenvolver.
- Planificación e distribución por trimestres das actividades previstas.
- Reparto das tarefas entre os membros do Equipo.
- Información no Claustro e no Consello Escolar do tema elixido, dos seus obxectivos e dos resultados que pretendiamos acadar.
- Información ás familias do tema proposto a través do boletín informativo elaborado pola biblioteca.
- Información ao alumnado de 1º ESO e do Ciclo formativo nas xuntanzas de formación de usuarios e usuarias, organizadas pola biblioteca a comezos de curso, e a todos os grupos a través das titorías.

- Elaboración do calendario que incluía as datas nas que cada departamento debía acudir á biblioteca co alumnado para traballar os distintos contidos relacionados coas Olimpíadas.
- Exposición de libros na biblioteca relacionados co tema a tratar e envío de páxinas web ao profesorado como recursos de consulta, así como suxestións de temas a desenvolver.
- Utilización dos taboleiros dos corredores e das aulas, así como o blog para publicitar todas as actividades deseñadas.

Segundo trimestre: As Bibliolimpiadas culturais

- Preparación do concurso "As Bibliolimpiadas culturais"
- Elaboración das bases de participación e das probas bibliolímpicas.
- Creación dos carteis informativos e publicitarios.
- Difusión da publicidade do certame.
- Información ao profesorado e alumnado.
- Elaboración de murais para recrear a carreira bibliolímpica.
- Decoración dos corredores con símbolos bibliolímpicos.
- Contacto con Antón Paz, regatista olímpico vilagarcían, para que achegase as súas experiencias ao alumnado de primeiro de bacharelato.
- Preparación das "Bibliolimpiadas deportivas".

Terceiro trimestre: As Bibliolimpiadas deportivas. Análise e valoración

- Finalización do concurso "Bibliolimpiadas culturais" e entrega de premios na biblioteca.
- Finalización das distintas actividades dos departamentos.
- Solicitud de colaboración ao Departamento de Educación Física para a preparación das competicións deportivas.
- Solicitud de colaboración a todo o profesorado e, especialmente, ás titorías para informar ao alumnado e preparar nas aulas bandeiras bibliolímpicas e camisetas identificativas da clase competidora.
- Acendido e saída do facho bibliolímpico (o vinteún de abril) que percorrería todas as aulas participantes.
- Celebración das Bibliolimpiadas deportivas.
- Análise e valoración do proxecto.

1.6. Alumnado e profesorado participante

Este proxecto coordinado pola biblioteca buscaba a maior implicación posible dos departamentos. Se conseguíamos involucrar á meirande parte do profesorado, a participación do alumnado estaba garantida.

As porcentaxes de participación foron as seguintes:

- departamentos didácticos: 72,2%.
- alumnado: 100% dos grupos de ESO, e practicamente o 100% do alumnado de bacharelato. Só o alumnado do ciclo non participou no proxecto.

O profesorado debía acudir á biblioteca para o desenvolvemento dos proxectos. O alumnado, dirixido polo profesor ou profesora, sería o encargado de buscar a información necesaria. Para isto e promovendo a aprendizaxe colaborativa, formaríanse grupos de traballo que debían levar a cabo un labor de documentación, recollida de datos, selección de información e elaboración do produto final.

2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O tema do Proxecto Documental Integrado foi As Olimpíadas, proposta presentada ao Claustro polo Equipo da biblioteca. Argumentamos a nosa elección pola necesidade de fomentar hábitos de vida saudable e pola posibilidade de seguir diferentes vías de investigación e de presentación dos resultados finais. Finalmente, todo o conxunto de actividades coordinadas pola biblioteca pasaron a denominarse Bibliolimpiadas.

3. DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

No Claustro final do curso 2014-2015 comunicouse o tema elixido, despois de ter pedido suxestións aos departamentos en Comisións Pedagóxicas previas.

No Claustro de apertura do curso 2015-2016, lembrouse o proxecto sobre o que se debía investigar e informouse ao Consello Escolar e ás familias. Tamén se explicou polo miúdo na primeira CCP convocada, para que cada departamento fose elixindo o tema e os contidos curriculares que quería desenvolver. Envióuselles por correo electrónico unha ficha cos datos que debían cubrir e mandarnos unha vez finalizada a tarefa.

A partir de aquí, como xa expuxemos en apartados anteriores, comezamos o labor de preparación dos calendarios e das distintas actividades a desenvolver, as campañas informativas e publicitarias e a selección dos recursos que podíamos ofrecer ao profesorado e alumnado.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO

- Calendarios de realización do proxecto e reserva da biblioteca.
- Notas informativas.
- Probas bibliolímpicas
- Carteis publicitarios

Esta documentación pódese consultar na seguinte ligazón:

⇒ https://issuu.com/bibliotecacastroalobre/docs/bibliolimpiadas_blog/1?e=19608692/36480557

5. RELACIÓN DAS TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO

- Murais informativos e resumo das tarefas desenvolvidas.
- Banda deseñada.
- Contos por relevos.
- Wikispace.
- Himno bibliolímpico.
- Elaboración de instrumentos musicais da Antiga Grecia.
- Presentacións en power point.
- Elaboración de máscaras e moedas en arxila.
- Elaboración de cenefas.
- Elaboración de pinturas representando deportes das olimpiadas gregas.
- Códigos CQR
- Competición cultural para pór de manifesto os coñecementos sobre o mundo das Olimpíadas e do deporte.
- Competición deportiva para pór en práctica todo o aprendido sobre os xogos olímpicos e o espírito colaborativo.

Esta información pódese ver ampliada nas seguintes ligazóns:

- ⇒ <https://drive.google.com/file/d/0B72EEzU63Ik4OXdaQlludHdKWIE/view?usp=sharing>
- ⇒ <https://drive.google.com/file/d/0B72EEzU63Ik4cmFqYjNzRXBfYm8/view?usp=sharing>

6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

A biblioteca proporcionou o espazo para a realización dos proxectos, xa que era un requisito imprescindible acudir a ela co alumnado para a investigación e elaboración das tarefas propostas por cada departamento. Para isto, proporcionou, tamén, todo o material necesario e os medios de que dispoñía:

- Ordenadores.
- Enciclopedias, libros de consulta e libros especializados na Antigüidade clásica ou en deportes.
- Xornais.
- Todo tipo de material de oficina: cartolinas, pinturas, ...

Bibliografía:

- A. Pearson, *La Antigua Grecia*, Altea, 2000
- P. Bardi, *Atlas del mundo clásico*, Anaya, 1998
- U. Sinn, *Olimpia*, ed. Acento, 2001

- G. Massardier, *Cuentos y leyendas de los Juegos Olímpicos*, Anaya, 2003
- A. Suárez Piñeiro, *As Olimpiadas*, Lóstrego, 2000
- R. Teja, *Las Olimpiadas griegas*, Santillana, 1997
- F. Durando, *Grecia Antigua*, Folio, 1997
- VV.AA., La condición física en la educación secundaria, una propuesta de desarrollo práctico hacia la autonomía del alumnado de 1º y 2º de ESO, Inde, 1997
- VV.AA., La condición física en la educación secundaria, una propuesta de desarrollo práctico hacia la autonomía del alumnado de 3º y 4º de ESO, IVV.AA., El ser humano y el esfuerzo físico, Inde, 2000
- Jean Le Bivic, *Stretching postural. Método y beneficios*, Inde, 2001
- G. Lasiera Aguilá, 1015 juegos y formas jugadas de iniciación a los deportes de equipo, vol. 1, Paidotribo, 2006
- E.J. Martínez López, *Ritmo y expresión corporal mediante coreografías*, Paidotribo, 2007
- W. Hessing, *Voleibol para principiantes, Entrenamiento, técnica y táctica*, Paidotribo, 2006
- C. García retuerta, Roger AX. *La divertida historia de las Olimpiadas*, Al-faguara, 2004.

Páginas web:

- http://www.olympic.org/Assets/TOM_2013/Visit/Schools/TOM_teaching_list/ES_The_Olympic_Games_in_Antiquity.pdf
- http://www.museuolimpicbcn.cat/upload/CIO_CAS_1.pdf
- Juegos Olímpicos - http://es.wikipedia.org/wiki/Juegos_Olimpicos
- Historia de los JJOO griegos - http://www.portalplanetasedna.com.ar/juegos_olimpicos.htm
- Pierre de Coubertin - http://es.wikipedia.org/wiki/Pierre_de_Coubertin
- Deportes olímpicos y diciplinas - <http://www.jjoo2012.com/deportes-y-disciplinas/>
- Símbolos y emblemas - <http://www.deportesnet.com/simbolosyemblemas.htm>
- Juegos Paralímpicos - <http://www.2008.com/cmarter.asp?doc=699>
- La mujer y las olimpiadas - <http://www.depormax.com/sports/olympics/2004/08/21/mujerolimpiadas.shtml>
- Mujer y olimpismo - <http://www.efdeportes.com/efd24/mujerol.htm>
- Página oficial de los JJOO - <http://www.juegos-olimpicos.com/>
- Grecia, Juegos Olímpicos - <http://www.guiadegrecia.com/general/juegos.html>

- Las mujeres en los juegos olímpicos - <http://www.slideshare.net/Weidao/las-mujeres-en-los-juegos-olmpicos-presentation>
- Vídeo:Historia de las antiguas olimpiadas griegas - <http://www.youtube.com/watch?v=e1bIHIPKiy8>
- nde, 1997
- Vídeo:Barcelona 92: encendido del pebetero - <http://www.youtube.com/watch?v=N42BivbrUC4&feature=related>
- Vídeo:JJOO:122 años, 29 ediciones - <http://www.youtube.com/watch?v=BkY7V09Ckmc>
- Vídeo:Historia de los Juegos Olímpicos Modernos - <http://www.youtube.com/watch?v=KC0hidQIuIo&feature=related>

Ademais desta relación de libros e páxinas web suxeridas pola biblioteca, os departamentos utilizaron fontes de consulta específicas que se poden ver nesta ligazón:

⇒ <https://drive.google.com/file/d/0B72EEzU63Ik4VW4wTzVIM3Z3U1E/view?usp=sharing>

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Como xa dixemos antes, a implicación do profesorado e alumnado foi maioritaria. Ademais, debemos nomear a colaboración do equipo de Normalización Lingüística, que aportou o deseño de tres probas para o concurso As Bibliolimpiadas culturais, a colaboración do Departamento de Educación Física para a celebración das Bibliolimpiadas deportivas, o profesorado encargado das Tics e, sobre todo, o apoio total do equipo directivo que sempre amosou boa disposición ante todas as propostas que faciamos.

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Ao rematar os proxectos, cada departamento ía colocando nos corredores do centro, os resultados das actividades realizadas. Ademais, íanse subindo ao blog da biblioteca.

Todas as propostas, que partían do equipo de Dinamización, difundíanse do mesmo xeito, conseguindo que todo o instituto quedase *inundado* polas Bibliolimpiadas.

⇒ <http://bibliocastroalobre.blogspot.com.es/>

9. AVALIACIÓN

Cada departamento avaliou a súa actividade segundo o establecido na programación e que queda reflectida na ligazón dos contidos curriculares.

A biblioteca avaliou o proxecto en conxunto e solicitou aos Xefes e Xefas de departamento que tivesen en conta as rúbricas suxeridas polo Equipo de Dinamización.

RÚBRICAS	1 pouco	2 acceptable	3 bastante	4 moito
Participación do profesorado de cada departamento				
Participación do alumnado				
Variedade e calidade dos proxectos				
Recursos e medios ofrecidos pola biblioteca escolar				
Utilización dos recursos da biblioteca escolar				
Elección do tema				

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca como coordinadora do Proxecto Documental Integrado:

- Elixe o tema que se deberá traballar desde os distintos departamentos, despois de valorar as posibles suxestións do profesorado e as propias do Equipo de Dinamización.
- Promove a implicación do profesorado e alumnado con campañas informativas e publicitarias.
- Elabora propostas e ofrece suxestións sobre os distintos campos de traballo.
- Proporciona todos os recursos necesarios e o espazo no que desenvolver os proxectos.
- Publica a información e os resultados das investigacións no blog da biblioteca.

⇒ <http://bibliocastroalobre.blogspot.com.es/search/label/PDI%3A%20%22As%20Olimpiadas%22>

⇒ <http://bibliocastroalobre.blogspot.com.es/search/label/Bibliolimpiadas>